



GALICIA HISTÓRICA

Folla de historia e documentos composteláns

Ano 10. N° 99. Maio, 2025.

A BRONCA SESIÓN CAPITULAR DO 4 DE AGOSTO DE 1684

As actas capitulares do ABCS permiténnos ter unha información precisa das decisións tomadas no cabido dende a segunda metade do século XV (concretamente dende o ano 1465) ata a actualidade. Podemos dicir que esas actas eran como unha reunión actual dun consello de ministros, xa que nesas xuntas ocupábanse de regular o goberno da igrexa: o servizo do coro e do altar, as penas por incumprimento das normas; pero tamén a xestión das ventas, arrendos, foros e tenencias que tiña o cabido, as relacións co arcebispo (que en ocasións eran de plena confrontación), a correspondencia con outras institucións (Real Audiencia de Galicia, Reais Chancelerías de Valladolid e Granada, Consello Real...), a correspondencia co rei ou raíña, así como a xestión dos preitos e as relacións coa curia romana, entre outras moitas cousas.


Ao ser unhas actas de uso interno non se calaban nada, reflectían as discusións, as posturas diferentes que había entre os propios cóengos respecto aos temas que trataban. Debido á crise económica na que estaba sumida a coroa, con depreciacións da moeda cada dous por tres, na acta capitular do 4 de agosto do ano 1684¹ o cabido decide rebaixar os prezos das tenencias xestionadas polos cóengos.

As tenencias eran conjuntos de bens de distintas orixes e calidades, conformando lotes de propiedades administradas polos cóengos. Ditas tenencias adquiríanse a través de poxa pública dentro do cabido. Os cóengos podían postular a unha ou varias tenencias e aquel que puxara máis, quedaría coa xestión dessa tenencia e dos seus recursos.

Nesa acta do 4 de agosto, cando se chega á tenencia de Ares (comprende varias parroquias do actual concello de Ares, así como do arciprestado de Bezoucos) o cabido acorda rebaixala en seis mil reais, quedando nun total de dezaoito mil reais e aquí é onde comezan os problemas xa que o señor chantre don Juan de la Pedriza laiábase de:

que se le hauia de rrebajar mas y de condecelle el señor vicario que no tenia razon su sobrino don Pantaleon de Sanmiguel y Pedrica, racionero, como enfadado y en vos desentonada dijo que

la ponía en doce mill reales... haciendo ademanes y mangonadas² con el brazo y recios golpes en el pecho, yquietandose y como viendose en el asiento levantandose en pie y volviéndose a sentar con tal arrojamiento que no podía ser mayor quando estubiera entre subditos y no a vista de una comunidad y respondiendo que el caudillo no podía hacer autos capitulares en perjuicio suyo



Cuando mandaron pozo de maestrallos 3 varas, delegualmente pide que ganan como racionero Pedro Guillen d' a fin bien de la traicion que querian. Subiendo a la torre recibio el Cabildo; a lo qual Pantaleon, canonico mucho mas la dor y haciendo ademanes y mangonadas, condenado y recios golpes en el pecho y quietandose como viendose en el asiento levantandose en pie y volviéndose a sentar con tal asentanz y contal aso queno po dia ser mayor quando hubiera entre subditos. Inocuista de una Comunidad, tangiere respondiendo que el Cabildo no podía hacer auto. Capitular en perjuicio suyo haciendo sobre deito protestas y requerimientos. Sin mas antes quando fuera parte para hacerlos (a dona querendo)

3

A descripción é moi precisa do que aconteceu: o racioneiro don Pantaleón, como sobriño do chantre, defende os intereses do seu tío e demanda unha rebaixa máis substancial pero dunha maneira alporizada. O cargo de chantre é a segunda dignidade máis antiga trala figura do deán, sendo a súa función principal “o coidado do coro e do oficio relixioso en todos os seus aspectos”⁴.

O cabido rexíase por unhas normas propias (deixando ben claro a diferenza entre un cóengo e un racioneiro), respondéndolle a don Pantaleón que:

su pretencion hera yniua e ynjusta pues como racionero se queria ygualar con los señores canonigos no solo en la ygualdad de las thenencias sino en querer entrarse en el gobierno de la hacienda que es propia de los señores capitulares que tienen voto en el cavildo y no de los racioneros que no tienen ninguno

Nalgúns catedrais os racioneiros asistían ás reunións capitulares con voz e voto xunto aos

² A RAE define a palabra mangonada como “golpe dado con la mano y el brazo en actitud despectiva”.

³ IG 631. Fol. 322v.

⁴ PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier. *La iglesia de Santiago..., pp. 68-69*

cóengos e dignidades, pero este non era o caso de Santiago. O oficio principal dun racioneiro na catedral de Santiago era o de servir no coro da catedral, xa que tiñan que dicir as epístolas e coa obriga de residir nel.

Nese intre, o licenciado e mestre de ceremonias don Antonio Landíbar y Briñas, avogado da cámara apostólica e presidente dos xuíces de Cruzada do arcebispado de Santiago de Compostela, pide a palabra como cóengo máis antigo da igrexa e solicita que saísen da sala capitular tanto o señor chantre coma o seu sobriño, realizando:

una muy graue docta expresiva y muy lastimosa representacion de desagrado proceder con que en el cauildo dicho racionero don Pantaleon... manifesto su altiua arrogancia con desmedido orgullo y falta de pudor y rrespeto al lugar en que estaua y sin tener voto en el haciendo a todos los señores capitulares testigos de tan graue descomedimiento porque desde treinta y quatro años y mas que hera canonigo en propiedad no hauia visto ni entendido de los antiguos que oy son difuntos semexante lanze ni despecho de racionero que llegase a querer poner mano en el gouierno pulitico y privativo de la messa capitular y su hacienda ni que allandose en semejante congreso (aunque sin voto) pasase con tanta enaxenacion de la modestia a destemplarse en la voz, lebantandola sin mas caussa que ser suya para que por colerica no se corregiese haciendo en el asiento las ynquietudes, movimientos, mangonadas, golpes de manos, lebantarse y sentarse con destemplado enojo concluyendo que si con ser coadjutor de su tio en la chantria que en esta yglesia es la segunda dignidad post Pontificalem y la que tiene el gobierno del choro, se veria trasegada la paz y quietud en un continuo movimiento de ynquietudes, desturbios y dessaciones, lo qual se atajaria castigandole de presente muy seriamente y oponiendose... de no admitir ni pasar esta coadjutoria porque sabido hera de ynclinacion torbultento, amigo de alteraciones y de hacerse parcial y caueza de contrariedad como se vio por los pleitos en que yndujo a los demas racioneros contra el cauildo

Esa falta de respecto, de desatención, de descortesía (*descomedimiento*) cara o cabido faise ben notoria nesta diatriba contra o racioneiro don Pantaleón, onde o mestre de ceremonias non calou nada do que pensaba: altiva arrogancia, desmedido orgullo, falta de pudor, alborotador, de inclinación turbulento..., incidindo ademais nun aspecto ben importante como era a intención de paralizar a coadxutoría realizada polo chantre don Juan de la Pedriza a favor do seu sobriño don Pantaleón. O arquiveiro do ABCS Arturo Iglesias denomina a isto

nepotismo directo⁵, que era cando un cóengo capitular decidía outorgar a súa prebenda a algún parente. A relación de parentesco más habitual dentro do cabido compostelá foi a de tío-sobriño coma neste caso.

O cóengo e mestre de ceremonias don Antonio Landíbar propón ao cabido sancionar cun Beate Jacobe ao racioneiro, ademais de notificarlle unha pena de excomunión maior e prisión:

... se le cante la deprecacion del beate jacob... y que luego el secretario del cauildo aconpanado del pincerna y del fiscal eclesiastico de la yglesia vayan a casa donde viue don Pantaleon de Sanmiguel y Pedrica y notefique pena de excomunion mayor y apercevimiento, se benga con ellos al quarto señalado para la prision de los racioneros y estando en el le echen una farropea con su cadena y juntamente que guarde carcelaria y no la rronpa, ni quebrante, pena de excomunion mayor...

O beate jacobe era a maior sanción que imponía o cabido sobre delitos relativos á convivencia, decidindo de maneira colexiada a xustiza disciplinaria a realizar como castigo.

O cabido finalmente acorda solicitar ao Papa á paralización da coadxutoría, encargando ao cardeal don Manuel de Silva Basurto que *atienda al despacho deste nichil tranciat (nihil transit⁶) para que tenga efecto* e decidindo tamén escribir ao cardeal don Juan Suárez, procurador xeral en Roma para que *ayude y atienda como capitular desta santa yglesia a esa encomienda*.

Esta acta capitular reflicte o funcionamento interno do cabido á hora de tratar estes asuntos. Dende o ano 1600 están dispoñibeis o resumo das actas capitulares na páxina web do arquivo, chegando polo de agora ata o ano 1684. Nese OPAC pódese consultar ademais os Fondos de Protocolos Notariais e o Fondo fotográfico José Limia.

<https://a3w-catedralsantiago.odilo.es/>

Jorge García García



⁵ IGLESIAS ORTEGA, Arturo. *La catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares...* p. 449

⁶ Frase latina que significa: nada pasa